

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE PIÑOR, PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA CUBERTA DO ANTIGO CENTRO SOCIAL DE ALBARONA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela, a 23 de xuño de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, José Luis González Rodríguez, representante do Concello de Piñor, con número de identificación fiscal P-3206200B, en calidade de alcalde do Concello de Piñor, con domicilio en Albarona, Piñor, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, capítulo VI do Título preliminar e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia que se desenvolve pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas funcións e competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

No marco desas competencias están comprendidas as actuacións dirixidas á mellora da calidade da atención prestada nos centros, mediante a modernización, adaptación funcional, accesibilidade e habitabilidade, co fin de favorecer unha atención máis axeitada, segura e eficiente ás persoas usuarias.

Cuarto. O Concello de Piñor é unha entidade local galega que desenvolve competencias propias en materia de servizos sociais, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 13/2008, do 3 de decembro.

Así mesmo, figura inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais como entidade prestadora de servizos sociais co número E0578 e recoñecido como así se determina no art. 66 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Quinto. O Concello de Piñor é titular do antigo centro social de Albarona, situado no núcleo de Albarona, no termo municipal de Piñor, provincia de Ourense. Trátase dunha edificación municipal de carácter dotacional, destinada a usos sociais e comunitarios ao servizo da veciñanza.

Sexto. O Concello de Piñor presentou memoria valorada na que se xustifica a necesidade de executar obras de mellora da cuberta do antigo centro social de Albarona.

Segundo a documentación técnica achegada, existen numerosas filtracións de auga no interior da edificación a través da cuberta. Tras as catas realizadas constatouse a entrada de auga por esa zona, polo que resulta necesaria unha intervención para garantir a estanqueidade, conservación, seguridade, salubridade e funcionalidade do inmovible.

As actuacións previstas consisten no levantamento completo da cuberta existente, incluíndo a retirada da capa de protección de grava, albardillas, petos interiores que resulten necesarios, impermeabilización deteriorada e sumidoiros, así como a posterior execución dunha nova cuberta, dotada de pendentes, unha nova impermeabilización, illamento térmico, capas de protección e novas albardillas.

Sétimo. A concesión directa da subvención xustifícase pola concorrencia de razóns de interese público e social que dificultan a promoción dun procedemento de concorrencia pública, nos termos previstos nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O interese público da actuación deriva da necesidade de conservar e mellorar unha edificación de

titularidade municipal destinada a usos sociais e dotacionais. A existencia de filtracións a través da cuberta compromete a conservación do inmovible, limita a súa funcionalidade e pode afectar de forma progresiva ás condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade e funcionalidade dos espazos interiores, polo que a intervención presenta un carácter inmediato.

A actuación obxecto deste convenio non pretende configurar unha liña xeral de axudas para actuacións en centros ou equipamentos de titularidade municipal, nin seleccionar entre distintas propostas alternativas. O que se persegue é dar resposta a unha necesidade concreta do antigo centro social de Albarona, previamente identificada e xustificada polo Concello mediante a correspondente documentación técnica.

Por iso, a demora derivada da tramitación dunha convocatoria en réxime de concorrència competitiva non resulta axeitada para atender a finalidade pública perseguida, xa que o financiamento se dirixe a unha actuación singular, delimitada técnica e economicamente, sobre un equipamento público municipal determinado, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade, conservación, salubridade, habitabilidade e funcionalidade do inmovible.

Oitavo. O proxecto que se financia mediante este convenio inscríbese no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, coa Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e coa Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do dito plan.

Noveno. A actuación obxecto deste convenio intégrase no compoñente 22, investimento C22.I1, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en concreto no proxecto nº 1 “Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos”, recollido no Anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, de data 27 de agosto de 2021, publicado no Boletín Oficial del Estado núm. 230, do 25 de setembro de 2021. Esta actuación contribúe ao cumprimento do obxectivo CID 323, relativo á construción ou rehabilitación de centros residenciais, non residenciais e de día. (actualización do Anexo CID 13/01/2026).-

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase en orde ás seguintes,

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto regular a concesión directa dunha subvención pública da

Consellería de Política Social e Igualdade ao Concello de Piñor para financiar, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, as obras de reparación integral e mellora da cuberta do antigo centro social de Albarona.

SEGUNDA. *Actuacións subvencionables*

Constitúen actuacións subvencionables as obras de reparación integral e mellora da cuberta do antigo centro social de Albarona, relacionadas no anexo I deste convenio e destinadas a garantir a estanquidade, a conservación, a seguridade, a salubridade, a habitabilidade e a funcionalidade da edificación.

As obras e melloras executadas deberán destinarse exclusivamente ao antigo centro social de Albarona e quedar afectas á finalidade subvencionada durante o período que resulte exixible conforme á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. *Gastos subvencionables*

Serán subvencionables os gastos derivados da actuación prevista na cláusula segunda, sempre que respondan de maneira indubidable á súa natureza e se realicen dentro do prazo de execución previsto neste convenio. En ningún caso o seu custo poderá ser superior ao valor de mercado.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías previstas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, con carácter previo, como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características do gasto non exista no mercado suficiente número de entidades que o realicen, presten ou subministren. A elección entre as ofertas presentadas deberá realizarse conforme a criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

CUARTA. *Compromisos do Concello de Piñor*

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas do Concello:

- a) Cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.
- b) Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao

cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- c) Executar integramente a actuación subvencionada nos termos previstos neste convenio, cumprir a finalidade que fundamenta a concesión da subvención e asumir os compromisos derivados dela. O incumprimento dará lugar ao reintegro total ou parcial da subvención, de acordo cos criterios establecidos neste convenio e na normativa aplicable.
- d) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións establecidas, así como a realización da actuación subvencionada e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou europeos, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das ditas actuacións.
- f) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas neste convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Así mesmo, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, será preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do devandito pagamento, da operación.
- i) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- k) Cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei

1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

- l) Aceptar a cesión de datos ás Administracións Públicas implicadas nos termos indicados no Anexo III.
- m) Presentar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en adiante PRTR), nos termos indicados no Anexo IV.
- n) Etiquetado verde e dixital: En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto para cada compoñente no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro. A presente actuación encádrase no compoñente 22, investimento C22.I1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, polo que a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de etiquetado verde e dixital que resulten de aplicación á actuación subvencionada, de conformidade coa normativa reguladora do dito plan
- o) A execución de conformidade coa exigencia do MRR do compromiso no cumprimento do principio horizontal de “non causar prexuízo significativo” que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento de taxonomía da UE.

Esta actuación encádrase no investimento C22.I1 e, polo tanto, resulta de aplicación o seguinte condicionado específico:

- Se o proxecto contempla a compra de equipamentos tecnolóxicos:
 - 1º. Os equipos que se utilicen deberán cumprir cos requisitos relacionados co consumo enerxético establecidos de acordo co Regulamento (UE) 2024/1781, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño, para servidores e almacenamento de datos, computadoras, servidores de computadoras ou pantallas electrónicas.
 - 2º. Os equipos non poderán conter as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, agás cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os límites establecidos no dito anexo.
 - 3º. Ao final da súa vida útil, os equipos someteranse a preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou a un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co anexo VII da Directiva 2012/19/UE.

- 4º. As instalacións de tecnoloxías da información non poderán afectar negativamente ás boas condicións e á resiliencia dos ecosistemas nin ao estado de conservación dos hábitats e das especies, en particular nos espazos de interese da Unión. Cando sexa preceptivo, realizarase a avaliación de impacto ambiental, consonte o establecido na Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011.

Como mecanismo de verificación, deberá achegarse documentación técnica acreditativa de que os equipos se axustan aos requisitos esixidos nos apartados anteriores, da que se deixará constancia na memoria xustificativa da subvención.
- Se o proxecto contempla obras:
 - 1º. Polo menos o 70 % en peso dos residuos de construción e demolición xerados, con exclusión dos residuos con código LER 17 05 04, deberán prepararse para a reutilización, a reciclaxe e a valorización doutros materiais, incluídas as operacións de enchido que utilicen residuos para substituír outros materiais, consonte a xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da Unión Europea.
 - 2º. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da Unión Europea, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas, así como a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais.
 - 3º. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción deberán apoiar a circularidade, de acordo coa norma ISO 20887, para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, de maneira que estes estean deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables, co fin de permitir a reutilización e a reciclaxe.
 - 4º. Os compoñentes e materiais de construción utilizados no desenvolvemento das actuacións previstas non poderán conter amianto nin substancias moi preocupantes identificadas na lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) nº 1907/2006.
 - 5º. Levaranse a cabo as medidas previstas no Protocolo de xestión de residuos da Unión Europea co obxecto de limitar a xeración de residuos durante a construción. Na construción e rehabilitación de edificios e instalacións teranse en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844, relativa á eficiencia enerxética dos edificios.
 - 6º. Adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes

durante a fase de obra e executaranse as actuacións cumprindo a normativa vixente en materia de posible contaminación de solos e augas.

Como mecanismo de verificación, deberá achegarse certificado da dirección de obra ou da empresa contratista no que se acredite o cumprimento dos requisitos recollidos nos apartados anteriores, do que se deixará constancia na memoria xustificativa da subvención.

- p) Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas co proxecto, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados cos fondos da Unión Europea – NEXTGENERATION EU.
- q) Desenvolver a actuación subvencionada tendo en conta a lexislación vixente en materia de servizos sociais, atención ás persoas maiores e atención ás persoas en situación de dependencia, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

2. A realización das actuacións subvencionables que forman parte do proxecto da entidade axustarase ás seguintes premisas:

- a) Executar a actuación subvencionada nos termos previstos neste convenio e conforme ao proxecto técnico aprobado polo Concello.
- b) Destinar as obras ao antigo centro social de Albarona, no Concello de Piñor.
- c) Xustificar a realización da actuación subvencionada mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos realizados, dos pagamentos efectuados e da efectiva execución das obras.
- d) Garantir a correcta utilización, mantemento e conservación das obras executadas durante o período no que deban quedar afectas á finalidade que fundamenta a concesión da subvención.
- e) Non percibir remuneración ningunha pola utilización das obras realizadas con cargo á subvención, sen prexuízo do réxime ordinario de utilización dos espazos municipais que resulte aplicable.

QUINTA. *Vixencia, prazo de execución e xustificación*

O presente convenio estenderá os seus efectos desde a súa formalización e terá vixencia ata o 16 de novembro de 2026.

Non obstante, os gastos correspondentes á actuación recollida no anexo I, realizados e pagados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2026 e ata o 31 de outubro de 2026, tamén poderán ser subvencionados ao seu abeiro.

En todo caso, o prazo de xustificación total da subvención rematará o día 16 de novembro de 2026.

SEXTA. *Condicións económicas*

1. O importe íntegro da actuación ascende a corenta e oito mil euros (48.000,00 €). A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o seu importe íntegro con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

A achega realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.760.0, código de proxecto 2025 00162, na que existe crédito axeitado e suficiente para esta finalidade.

A subvención límitase ao financiamento dos gastos que aparecen desagregados no anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para o Concello de Piñor. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada non varíe e se respecte a finalidade da subvención.

O IVE correspondente aos gastos derivados da execución da actuación terá a consideración de gasto subvencionable unicamente cando sexa efectivamente soportado polo Concello de Piñor e non sexa susceptible de recuperación nin de compensación, conforme á normativa tributaria aplicable. No caso de que o IVE sexa recuperable ou compensable, non terá a consideración de gasto elixible e, en consecuencia, non poderá financiarse con cargo aos fondos procedentes do MRR.

2. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) A Consellería de Política Social e Igualdade poderá aboar anticipadamente ao Concello de Piñor a cantidade de **vinte e catro mil euros (24.000,00 €)**, equivalente ao 50 % do importe da subvención, tras a sinatura do presente convenio, co fin de facilitar a execución da actuación subvencionada.
- b) O importe restante aboarase unha vez presentada e comprobada a xustificación da actuación subvencionada, nos termos previstos neste convenio.
- c) O emprego da cantidade aboada anticipadamente deberá xustificarse mediante a documentación prevista neste convenio con carácter previo ao pagamento final.

A entidade beneficiaria queda exonerada da constitución de garantías polos pagamentos anticipados, ao abeiro do disposto nos artigos 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha administración pública territorial.

SÉTIMA. *Xustificación e control*

A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao

previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas coa concesión da subvención, con indicación expresa das obras realizadas no antigo centro social de Albarona.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior á documentación acreditativa do pago.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a) , agás naqueles casos nos que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar a entidade beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura do convenio e dentro do período que abrangue este.

A elección entre as ofertas presentadas, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e a elección deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e para cumprir coa obriga da identificación do perceptor final prevista no artigo 8, apartado 2, da Orde HFP/1030/2021, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral con competencias en materia de maiores e atención sociosanitaria poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da entidade beneficiaria, en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- NIF da entidade.

- DNI ou NIE da persoa representante.
- Domicilio fiscal da persoa xurídica.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria.
- Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Inscripción no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á entidade beneficiaria a presentación dos documentos correspondentes.

d) En relación co cumprimento do principio de "non causar prexuízo significativo" ao medio ambiente, deberá achegarse a documentación acreditativa que corresponda segundo a natureza das actuacións executadas.

1.º No caso de adquisición de equipamentos tecnolóxicos, deberá achegarse documentación técnica acreditativa de que os equipos cumpren cos requisitos relacionados co consumo enerxético establecidos de acordo co Regulamento (UE) 2024/1781, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño, e de que non conteñen as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, agás cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os límites establecidos no dito anexo. Así mesmo, deberá achegarse compromiso de que, ao final da súa vida útil, os equipos se someterán a preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou a un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co anexo VII da Directiva 2012/19/UE.

2.º No caso de obras, deberá achegarse certificado da dirección de obra ou da empresa contratista no que se acredite o cumprimento do condicionado específico DNSH aplicable ás actuacións de construción ou rehabilitación, en particular no relativo á xestión dos residuos de construción e demolición, á limitación da xeración de residuos, á ausencia de amianto e substancias moi preocupantes, á circularidade dos materiais e á adopción de medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra.

e) Declaración de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, procedentes de calquera administración pública ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados dentro do período de execución previsto neste convenio.

OITAVA. *Fraude, corrupción e conflito de intereses*

En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon a disposición da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: [-https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias](https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias)

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

A Consellería de Política Social e Igualdade actuará de conformidade co establecido no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e no Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Política Social e Igualdade que se atopan vixentes.

[-https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf](https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf)

[-https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/plan-antifraude-politica-social-gal.pdf](https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/plan-antifraude-politica-social-gal.pdf)

A este respecto, a entidade local beneficiaria actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

Ao tratarse dun convenio con entidade beneficiaria determinada xa coñecida aplícase o réxime xeral de conflito de intereses da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. A normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

“ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDEMENTOS DE SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

Este procedemento de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a concesión da subvención poderá solicitar aos solicitantes da axuda a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano que concede no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do solicitante da axuda, os titulares reais recuperados polo órgano competente para a concesión da subvención”.

NOVENA. *Compatibilidade*

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario da subvención.

O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do PRTR”.

DÉCIMA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace - <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como retirar, se é o caso, o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e a información adicional sobre protección de datos persoais poderán consultarse na seguinte ligazón: <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

O Concello de Piñor terá a condición de responsable do tratamento dos datos persoais que, se é o caso, trate no marco da execución do proxecto subvencionado, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais serán tratados exclusivamente para as finalidades vinculadas á execución, xustificación, seguimento e control das actuacións financiadas ao abeiro deste convenio, sen que poidan ser utilizados para fins distintos nin comunicados a terceiros, agás nos supostos legalmente previstos ou cando sexa necesario para o cumprimento das obrigas derivadas da normativa aplicable en materia de subvencións, transparencia, control financeiro, auditoría e fondos europeos.

As partes asinantes deste convenio comprométese a garantir a confidencialidade dos datos persoais aos que poidan ter acceso como consecuencia da súa execución, así como a adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa seguridade e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

O Concello de Piñor deberá exixir ao persoal propio, ao persoal contratado e, se é o caso, ao persoal voluntario ou colaborador que participe na execución do proxecto, o correspondente compromiso de confidencialidade respecto dos datos persoais aos que poidan ter acceso por razón da súa intervención nas actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Comisión mixta de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións a subvencionar a través do presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social e Igualdade.

A Comisión estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes do Concello de Piñor, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en materia de maiores e atención sociosanitaria designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ás cláusulas do presente convenio e ao réxime

establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. *Modificacións*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da presente concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.
2. Requirirá autorización previa e expresa do órgano concedente calquera modificación substancial da actuación subvencionada, incluída a substitución dos bens inicialmente previstos por outros de funcionalidade equivalente.

DÉCIMO TERCEIRA. *Natureza xurídica e cuestións litixiosas*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Con respecto á financiamento con fondos europeos rexerase polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello de 14 de decembro de 2020 polo que se establece un instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España aprobado na data 16/06/2021 pola Decisión de Execución do Consello, a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e o Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2024, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento

Financeiro).

Segundo establece o artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, as partes que interveñen neste convenio están sometidas ás actuacións de control que poida exercitar a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando proceda, á Fiscalía Europea.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. *Causas de resolución e efectos da mesma*

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos percibidos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, poderá exixir á entidade o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SEXTA. *Comunicación, divulgación e publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo a cláusula novena da Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do MRR os asinantes comprométense a destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cuantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, os asinantes farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, e conforme ao establecido no Manual de Marca do PRTR confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.

Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida no apartado de identidade visual da web do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda, dispoñible na seguinte ligazón:

-<https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACI%C3%93N%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

A conselleira

Fabiola García Martínez

Polo Concello de Piñor

O alcalde

José Luis González Rodríguez

ANEXO I Cadro económico

Orzamento desagregado por tipoloxía de actuación

Concepto	Importe
Demolición completa de cuberta plana non transitible, con capa de protección de grava	6.409,43 €
Demolición de albardilla e petos de cuberta necesarios	2.481,66 €
Execución de cuberta plana non transitible, non ventilada, con grava, tipo invertida	20.255,69 €
Execución de albardilla metálica	4.188,84 €
Total orzamento de execución material	33.335,62 €
Gastos xerais, 13 %	4.333,63 €
Beneficio industrial, 6 %	2.000,14 €
Subtotal	39.669,39 €
IVE, 21 %	8.330,57 €
Total actuación	48.000,00 €

As actuacións subvencionables executaranse de conformidade co proxecto técnico presentado polo Concello de Piñor, que define as medicións, unidades de obra, prezos e demais condicións técnicas da actuación. O proxecto está financiado ao 100% con cargo aos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

ANEXO II. Memoria descriptiva

I. Identificación do centro

A actuación obxecto do presente convenio consiste nas obras de reparación integral e mellora da cuberta do antigo centro social de Albarona, no Concello de Piñor.

II. Relación entre cada necesidade detectada e as actuacións a realizar

A documentación técnica presentada polo Concello de Piñor identifica a existencia de filtracións de auga no interior da edificación a través da cuberta do antigo centro social de Albarona.

A necesidade principal detectada é a mellora da estanqueidade da cuberta, xa que o seu estado actual compromete a salubridade, a seguridade, a conservación e a funcionalidade da edificación. A actuación prevista dá resposta a esta necesidade mediante a reparación integral da cuberta existente, coa retirada dos elementos deteriorados e a execución dunha nova solución de impermeabilización, illamento e protección.

III. Melloras previstas

1. Mellora da estanqueidade e protección fronte á entrada de auga.
2. Mellora da seguridade, salubridade e funcionalidade do inmovible.
3. Mellora da eficiencia constructiva da cuberta.

ANEXO III

Don/Dona, con DNI/NIE, en calidade de representante do Concello de Piñor, con NIF P-3206200B como entidade beneficiaria da subvención concedida pola Consellería de Política Social e Igualdade para o financiamento das obras de reparación integral e mellora da cuberta do antigo centro social de Albarona, no Concello de Piñor no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na Compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e Investimento I1 "Plan de apoios e coidados de longa duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía" (proxecto nº 1 da Comunidade Autónoma de Galicia, "Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos", declara coñecer a normativa que é de aplicación e, en particular, os seguintes apartados do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «d) a efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, solicitar e asegurar o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- i. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;
- ii. Unha lista de medidas para a execución do proxecto no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 253 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos remates expresamente relacionados nos artigos citados.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo:

ANEXO IV

Don/Dona....., DNI....., como representante do Concello de Piñor, con NIF P3206200B e domicilio fiscal en Albarona, Piñor, como beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como titular do proxecto de reparación integral e mellora da cuberta do antigo centro social de Albarona, no Concello de Piñor, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na Compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e Investimento I1 "Plan de apoios e coidados de longa duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía" (proxecto nº 1 da Comunidade Autónoma de Galicia, "Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos").

DECLARA

Primeiro. Que a entidade que representa manifesta o seu compromiso cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, e que adoptará as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, comunicando, se é o caso, ás autoridades competentes os incumprimentos observados.

Segundo. Que se compromete a respectar os principios de economía circular e a evitar impactos negativos significativos no medio ambiente, de acordo co principio de "non causar prexuízo significativo" ao medio ambiente, na execución das actuacións financiadas ao abeiro deste convenio.

Así mesmo, comprométese a cumprir o condicionado específico DNSH aplicable ao investimento C22.I1, nos seguintes termos:

a) No caso de adquisición de equipamentos tecnolóxicos, os equipos cumprirán cos requisitos relacionados co consumo enerxético establecidos de acordo co Regulamento (UE) 2024/1781, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño; non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, agás cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os límites establecidos no dito anexo; e, ao final da súa vida útil, someteranse a preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou a un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co anexo VII da Directiva 2012/19/UE.

b) No caso de execución de obras, comprométese a garantir que polo menos o 70 % en peso dos residuos de construción e demolición xerados, con exclusión dos residuos con código LER 17 05 04, se preparen para a reutilización, reciclaxe ou valorización; a limitar a xeración de residuos durante a execución das obras; a empregar técnicas compatibles coa circularidade; a garantir que os compoñentes e materiais empregados non conteñan amianto nin substancias moi preocupantes identificadas no anexo XIV do Regulamento (CE) nº 1907/2006; e a adoptar medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra.

Terceiro. Que manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, se é o caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo: